

## ANÁLISE E COMPREENSIÓN DUN TEXTO EN LINGUA GALEGA

Arde Toba, arde Galiza, arde o lugar no que nacín eu, a miña nai, o meu avó... Arden os montes longamente traballados, limpados, replantados. Non arde unha toxeira máis, arde o lugar onde estaban algúns dos poucos soutos de castiñeiros existentes na Costa da Morte, os montes que acubillaban case cen especies e variedades arbóreas singulares (carballos, faias, acacias centenarias, sobreiras, arces, teixos, tilos, araucarias, sequoias, bidueiros e tantas máis...). "Árboles maderables" denominounas un fraudulento estudo de impacto ambiental que pretendía traer o "progreso cementeiro" e facer unha vía rápida por enriba desta riqueza natural para chegar máis pronto a queimar as botas turísticas en Fisterra. Madeira eran e como madeira morreron: queimados. De pouco serviron o tempo -máis de medio século- e os cartos investidos na súa limpeza e coidado. Chegou o lume e ardeu. Desta volta ao carón das casas. Como nunca antes...

E mentres arden tantas Tobas e tanta xente ve queimarse a súa facenda, a historia da súa familia, as árbores que singularizan a paisaxe galega e que nos dan vida, é preciso que se dean pasos para que isto non volva suceder.

O mantemento do medio natural -dos montes, da paisaxe- depende dunha poboación agraria cada vez máis reducida e envellecida e na que os usos tradicionais do mato dos montes que contribuían á súa limpeza xa non se dan. Este valiosísimo traballo de prevención debe ser obxecto de apoio económico e non pode supoñer unha carga insostible para os propietarios que os leve a abandonar os seus esforzos. O medio natural e a paisaxe gozámolos todos e non poden ser sostidos por tan só uns poucos. Agora ben, posta en pé unha política xeral de prevención, limpeza e protección dos montes, os poderes públicos deben actuar con severidade con aqueles que produzan danos por acción ou omisión.

Tamén deben os poderes públicos mirar nas súas casas polas causas dalgúns dos episodios máis rechamantes dos últimos días. Hai unha xeografía do lume que coincide de forma alarmante con zonas de expansión urbanística que debe levar a frear en seco os intentos especulativos. A natural reacción dos propietarios de vender ante o desalento que produce o lume reiterado debe ser contestado desde a Xunta cunha planificación integral do territorio galego que evite unha morea de decisións localistas de desenvolvemento urbanístico descontrolado. Non abonda con impedir as recalificacións -que por outra banda só afectan ao solo forestal e poden penalizar aos xa castigados- senón de pensar que Galiza queremos e ordenar o territorio fronte aos especuladores que, vila a vila, lugar a lugar, fan triunfar a súa enriquecedora lóxica parcial. Abraia, igualmente, a visión de estradas nacionais, autoestradas e vías rápidas cortadas por deixación dos labores de mantemento e control por parte das concesionarias, dos servizos ministeriais e autonómicos na ampla franxa de protección adxacente.

Finalmente, o necesario paso de políticas de extinción a políticas de prevención por parte da Consellería de Medio Rural debe verse acompañado por medidas extraordinarias do Ministerio de Medio Ambiente que, ao igual que sucede cos investimentos por mor da seca no sul, contribúan a soste esa riqueza incomparable que lle achega Galiza ao conxunto do Estado coas súas verdes fragas e os seus vizosos montes.

(Alba Nogueira, *Vieiros*, 10 de agosto de 2006)

1. Propón un título para este texto no que se recolla o tema principal (2 PUNTOS).
2. Redacta un comentario crítico no que sometás á túa consideración os datos manexados e as ideas expostas pola autora sobre o mal endémico dos incendios forestais en Galicia (6 PUNTOS).
3. Explica o significado no texto das seguintes palabras -evita a resposta mediante sinónimos: *acubillaban* (l. 3), *botas* (l. 7), *morea* (l. 25), *por mor de* (l. 34) e *fragas* (l. 35) (2 PUNTOS).